

branco e negro

Número 36 • Decembro 2009



Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia

Gañador da European Young Breeders School



Neste número...

Avaliación xenética decembro '09 • Entrevista a D. Samuel Juárez Casado, Conselleiro do Medio Rural • XXX Concurso Nacional I Miniescola de uíces do CXG • Concursos ...

XACOBEO

ESPM9202311402 aAa 426153



XENÉTICA FONTAO

BW MARSHALL x RUDOLPH EX-94 x MANDEL VG-88 x
BLACKSTAR EX-91 x CLEITUS EX-90 x ROTATE EX-91



Nº1 DE ESPAÑA

Probas CONAFE Decembro 2009

LEONARDO XACOBEO CELTA 5040 BB-84 SM-85 2a

XACOBEO

- LÍDER INDISCUTIBLE TRAS CATRO PROBAS CONSECUTIVAS: ICO + 3.200
- ALTAS PRODUCCIÓN DE LEITE (+ 1.150 Qg.L.) E PROTEÍNA (+ 32 Qg.)
- TIPO EXTREMO (IXT + 2,79) CON MOI BOS UBRES (ICU + 2,69) E PATAS (IPP + 1,82)
- ALTA LONXEVIDADE. GRAN FACILIDADE DE PARTO
- PAI DE SEMENTAIS A NIVEL INTERNACIONAL



Edita

Federación

Frisona Galega

R/ Melide, 25-27-baixo
15705 Santiago de Compostela
A Coruña • España
Tel.: +34 981 573 879
Fax: +34 981 573 775
mail: fefriga@fefriga.com
web: www.fefriga.com

Xunta directiva de Fefriga

Presidente
D. Álvaro José Castro Fernández
Vicepresidente
D. José Manuel Madriñán Castro

Secretario
D. José Carlos Vega Rodríguez

Tesoureiro
D. Antonio Pérez Castro

Interventor
D. Luis Seoane Labandeira

Vogais
D. Manuel Antelo Vilariño
D. Juan Álvarez Losada
D. Paulino González Fernández

Equipo editorial

Director
Francesc X. Grau

Coordina
Carmen Candal

Colabora
Manuel Cruz

Fotografía
Sílvia Gouin
Frisona Española
Africor Coruña
Africor Lugo
Africor Pontevedra
Rubine Red

Colaboracións técnicas
Juan Pena
Eliseo Diéguez

Publicidade

fefriga@fefriga.com
Tel. 609 702 129

Maqueta

Rubine Red Comunicación

Distribución

Impacta

Impresión

Gráficas Sanpar

D.L. PO 187-1999



sumario

Avaliación xenética

Conafe actualiza a base xenética de referencia.....	4
ICO das 50 mellores vacas de Galicia	6
Mellores touros do programa de Galicia	7

Entrevista

Samuel Juárez Casado. Conselleiro de Medio Rural.....	8
---	---

En portada

Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia: mellores preparadores de Europa	10
--	----

Concursos e subastas

XXX Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe '09	12
XIII Concurso Frisón Becerra Selecta 2009	14
XVIII Concurso de Gando Frisón Chantada '09	15
Gandagro acollerá os concursos Autonómico e Internacional	16
III Poxa de Xovencas de Mazaricos	17

Formación

I Miniescola de Xuíces do Clube de Xóvenes Gandeiros	18
--	----

Colaboracións técnicas

Selección xenómica no vacún de leite Holstein	20
Biogás, unha fonte de enerxía a rendibilizar	23

A páxina do Clube

Xornadas sobre queixos con denominación de orixe en Ribadeo	24
Estivemos no XVIII Concurso de Gando Frisón Chantada '09	25

Novas de actualidade

Programa de T. E. de Bos	26
Libro xenealóxico	28
Homenaxe a Domnino Garrote	29
D ^a . Sofía Alday de Cestafe, nova directora-xerente de Conafe	29
Éxito das xornadas de veterinarios en Bos	30
Visita da ADSG de Lousame	30
Axenda 2010	30



Conafe actualiza o ICO e a base xenética de referencia


Novo ICO

O ICO é o índice de mérito total que empregamos en España para ordenar os animais dacordo coa súa habilidade para transmitir á súa descendencia os caracteres que desexamos seleccionar para obter animais máis eficientes e rendibles.


Dende 2003 en que se realizou a última revisión do ICO, moito cambiou a situación do sector, e en consecuencia, os obxectivos de selección, isto, unido á maior e mellor información dispoñible e aos estudos realizados en base á mesma, aconsellaban realizar algúns cambios, que tras ser valorados e aprobados pola Xunta Directiva de Conafe foron incorporados ao ICO.

No novo ICO aplicado, xa nesta avaliación, reducíronse lixeiramente o peso que se concedía ós caracteres de produción (-2%) e tamén os outorgados ao tipo (-6%), mentres que os funcionais se incrementaron nun 8%. Nas seguintes gráficas ofrecemos os pesos que ten cada caracter no ICO de 2010 e os que tiñan no de 2003.

Gráfica 1: ICO 2010



Gráfica 2: ICO 2003



Cambio de base xenética

Cada cinco anos e seguindo as recomendacións internacionais, Conafe actualiza a “Base Xenética de Referencia”. Ata agora estaba determinada pola media das vacas nadas no 2000, e nesta avaliación, pasa a estar definida polas vacas nadas en 2005.


Debido ao progreso xenético logrado nestes últimos cinco anos, este cambio de base supón en xeral unha diminución no valor absoluto das probas, pero elo non implica necesariamente un cambio na orde dos rankings, posto que a todos os animais -machos e femias,- se lles resta ou suma (dependendo se houbo progreso xenético ou non) a mesma cantidade.

Na seguinte táboa indicamos a variación nas probas, como consecuencia do cambio de Base Xenética.

Carácter	Variación
Kilos de LEITE (kl)	- 349 (*)
Porcentaxe de Graxa (ppg)	+ 0,05 (**)
Kilos de Graxa (Kg)	- 8,3
Porcentaxe de Proteína (ppp)	+ 0,003
Kilos de Proteína (kp)	- 10,7
Índice de Patas e Pes (IPP)	- 0,50
Índice Composto de Ubre (ICU)	- 0,67
Reconto de Células Somáticas (RCS)	+ 0
Lonxeidade (LON)	+ 0
Días Abertos (DA)	+ 5
Estatuta (EST)	- 0,58
Peito (PE)	- 0,16
Profundidade Corporal (PC)	- 0,31
Angulosidade (ANGU)	- 0,60
Ángulo de Grupa (ANGG)	- 0,03
Anchura de Grupa (ANC)	- 0,32
Vista Lateral de Patas (VLP)	+ 0,01
Vista Posterior Patas (VPP)	- 0,36
Ángulo Podal (AP)	- 0,37
Inserción Ubre Anterior (IA)	- 0,55
Inserción Ubre Posterior (IP)	- 0,58
Ligamento Suspensor Medio (LIG)	- 0,60
Profundidade de Ubre (PU)	- 0,38
Pezóns Anteriores (PA)	- 0,47
Lonxitude de Pezóns (LP)	+ 0,09
Pezóns Posteriores (PPO)	- 0,49
Membros e Aplomos (MA)	- 0,54
Índice Xeral de Tipo (IGT)	- 0,72
Índice de Capacidade (ICAP)	- 0,38

(*) mellorouse en 349 o valor xenético Kg. Leite (o animal que era +349 pasa a 0).
 (**) reduciuse en 0,05 o valor xenético do % Graxa (o animal que era -0,05 pasa a 0)

Estes novos valores supoñen que se por exemplo Mario Xacobeo (nº1 de España por ICO) ten agora unha proba de Kg de Leite de +1.150, sen o cambio de base tería unha proba de +1.499Kg (≈1150+349) e o seu Índice Global de Tipo (IGT) que é +2,79, sería +3,51 (≈2,79 + 0,72).



PLAN RENOVE

EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN

Substitúe agora a túa vella instalación térmica de calefacción, climatización ou auga quente sanitaria por equipos de alta eficiencia -caldeiras de condensación, equipos de climatización de clase A e bombas de calor de clase A- e poderás recibir unha **subvención do Inega de ata o 30% do seu custo**. Ata o 30 de xuño de 2010 ou ata esgotar as axudas asignadas. **Infórmate en www.inega.es.**

AFORRA ENERXÍA
POR UN CONSUMO EFICIENTE

ESTRATEGIA DE AFORRO E EFICIENCIA
ENERXÉTICA EN ESPAÑA (PAE4+)



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia



GOBIERNO
DE ESPAÑA

INSTITUTO
NACIONAL
DE EFICIENCIA
ENERGÉTICA



ahorra
energía

50 mellores vacas de Galicia por ICO (Dec. '09)

Para ser publicadas neste listado, as vacas deben reunir as seguintes condicións:

- 1º) Nadas en España, inscritas no rexistro principal, que estean vivas, de alta no Libro no momento da Avaliación Xenética e seu pai cumpla os requisitos esixibles no Libro Xenealóxico.
- 2º) Dispor de proba oficial de produción (non lactacións estendidas de menos de 215 días), tipo e recuento de células somáticas.

Nome da vaca	Kg./L.	%G.	Kg./G	%P.	Kg./P.	ICAP	MA	IPP	ICU	IGT	ICO	RCS	Long.	Propietario (Prov.)
LODOS DUPLEX PARIS	1381	-0,13	38	0,07	51	1,76	1,85	1,56	1,30	2,37	3228	99	107	LODOS E PEREZ (LU)
TABOADA MODEST GALEA	1592	-0,18	40	-0,02	49	1,51	1,11	1,02	1,29	1,74	3192	98	108	OS TABOADA (LU)
BOS BLANCO.H SHOT.AGRIA 322 ET	1025	-0,13	25	-0,06	27	0,90	2,36	1,99	2,06	1,86	3010	110	117	BLANCO (PO)
MENOR ALCURNIA	1490	-0,11	44	0,06	54	0,82	0,00	0,13	0,31	0,44	3001	111	104	CASA MENOR (C)
CHACO SPIA ROUKI 1641	1336	-0,18	31	0,03	46	1,22	0,63	0,77	0,95	1,31	2977	105	106	CHAIN (LU)
MOURISCADÉ TOYSTORY AROUSA	1267	-0,14	33	0,00	40	-0,36	1,22	1,07	0,95	0,68	2871	98	108	FINCA MOURISCADÉ (PO)
CASEIRODERNES SHOTTLE HOPE	1045	-0,08	31	-0,09	25	1,06	1,65	1,38	1,85	1,68	2851	106	114	CASEIRO DE ERNES (LU)
FRAGA BLITZ LULU	1763	-0,36	28	-0,18	38	0,32	0,26	0,48	0,63	0,86	2845	98	105	SONIA FDEZ MEJOME (PO)
BLANCO.H TOYSTORY DELIA	1198	-0,19	26	-0,12	27	0,46	2,04	1,96	1,35	1,52	2844	103	110	BLANCO (PO)
CASTRO 226 EMERSON ET	1423	-0,02	50	-0,01	44	0,24	1,09	1,17	0,03	0,35	2832	102	104	GAYOSO CASTRO (LU)
DADOLO THRONE LUCIA	1053	-0,29	11	0,02	36	1,40	0,48	0,58	1,91	1,45	2827	101	108	PENA (LU)
CASTRAGUDE SUSAO SARDA XACOBEO	1087	-0,45	-3	-0,07	28	0,04	0,92	0,91	2,08	1,39	2808	102	114	VILAR DE SUSAO (LU)
NAVARRA	2009	-0,39	32	-0,30	32	0,95	-0,35	0,04	0,70	1,05	2806	104	103	BUSTO (C)
MENOR JANA	1353	-0,05	45	0,00	43	0,47	0,10	0,63	0,37	0,62	2802	101	104	CASA MENOR (C)
CHACO OLGENA PATUR 1666	1098	-0,07	34	0,06	41	0,16	0,05	0,22	1,11	0,64	2800	112	108	CHAIN (LU)
VILLAMEITIDE DUPLEX BLANCA	864	-0,05	27	0,10	37	1,32	2,49	2,31	0,95	1,57	2791	94	106	VILLAMEITIDE (LU)
CARLOS BUCKEYÉ BAMBINA	1233	-0,28	18	-0,10	30	-0,05	1,62	1,64	1,15	1,27	2780	100	107	AREAN (PO)
PENA MARMAX PRINCES 2022 ET	1534	-0,57	-1	-0,05	44	0,28	1,29	1,55	0,25	0,44	2777	88	100	GANADERIA PENA (LU)
AGRORTEGAL ESTELA GOLDWYN	852	0,04	35	0,02	29	1,05	1,27	0,94	1,60	1,86	2776	116	114	CABE (LU)
D83 RIAL STORMATIC	1252	-0,37	10	-0,05	35	0,41	2,12	1,95	0,66	1,22	2775	99	106	RIAL (C)
OUTEIRO BUCKEYÉ 316	913	0,00	34	0,03	32	0,40	0,97	0,70	1,80	1,43	2774	103	109	OUTEIRO-FRADES (C)
SAT VARELA BUCKEYÉ 448	1197	-0,13	31	-0,14	25	0,68	0,80	0,72	1,92	1,72	2774	99	111	VARELA (LU)
PERILLA CUQUI 380 GOLDWYN	670	0,22	45	0,05	26	0,27	1,73	1,65	1,69	1,42	2773	111	115	PERILLA (C)
QUINTIAN BLITZ 6795	1871	-0,46	21	-0,27	31	1,63	0,43	0,49	0,55	1,63	2760	104	105	QUINTIAN (LU)
AS REGAS AARON 4660	1461	-0,45	9	-0,01	46	-0,63	0,86	1,23	0,12	-0,14	2752	90	100	AS REGAS (C)
MASEDA AARON 187	1284	-0,25	23	0,01	42	0,71	0,85	1,17	0,55	1,03	2745	93	103	GANADERIA MASEDA (LU)
ALBORES MERCHANT 201	895	-0,25	9	-0,18	12	0,60	1,54	1,46	2,47	1,85	2744	115	121	ALBORES (C)
PADIN BUKEYE ALBA	1158	-0,07	36	0,06	43	0,18	0,53	0,35	0,78	1,03	2737	96	103	CASA GRANDE PADIN (PO)
BETULLA 0370	1097	0,11	51	0,12	47	0,02	-0,03	0,18	-0,14	-0,44	2732	117	106	GANADERIA PALLAS (C)
AFRICAL CLARA BUCKEYÉ LL07	1435	-0,24	29	-0,14	32	0,78	1,03	0,90	0,72	1,11	2732	102	104	LIÑARES (C)
PANDA JOCKO BESN ULA 5593	1260	-0,12	35	0,02	42	0,02	0,57	0,50	0,77	0,81	2720	94	101	PANDA (C)
ALGRABUSAN JOCKO BESN 698 8262	1343	-0,12	37	-0,05	38	0,71	1,29	1,20	0,16	0,91	2718	102	103	ALGRABUSAN (LU)
VALEGO XACOBEO GRETA	869	0,14	45	0,10	37	-0,08	0,68	0,76	1,03	0,79	2717	99	109	VALEGO (LU)
ARO 13 GOLDWYN 75	606	0,08	30	0,10	29	-0,23	0,90	0,58	2,12	1,25	2713	108	114	SAN ANTONIO DE ARO (C)
IGREXA MTOTO LILA 248	1443	-0,26	27	-0,19	27	-0,15	0,89	0,69	0,81	0,72	2707	112	109	CELTIGOS (C)
GRC 293 GOLDWYN	537	0,24	42	0,08	25	0,75	1,28	0,81	1,98	1,99	2689	119	117	LANDEIRA (C)
BAIXO DUPLEX MARUXA I	591	-0,20	4	0,17	35	2,28	2,01	1,89	1,58	2,14	2689	97	109	CASA DE BAIXO (LU)
XIANA ROCHA	994	-0,07	30	-0,08	24	-0,28	0,96	0,78	1,91	1,69	2688	101	112	ROCHA(C)
GL 9265 YOVANCA BLITZ	1384	-0,15	36	-0,11	33	1,08	0,92	0,86	0,67	1,59	2677	102	102	GRANDA LONGA (C)
F.M. 8248 DUPLEX 5961	562	-0,18	4	0,08	25	1,86	2,15	1,92	1,88	2,28	2677	104	113	FAMILIA MARTINEZ (C)
MENOR TRIANA 3660	982	-0,09	28	0,02	33	0,11	0,53	0,59	1,46	1,24	2677	95	105	CASA MENOR (C)
MENOR GORA	2050	-0,40	33	-0,33	30	0,77	0,22	0,41	-0,05	0,91	2675	106	100	CASA MENOR (C)
CANEDA NAVIA TITANIC	963	-0,03	33	-0,01	30	0,78	1,59	1,61	1,52	1,98	2675	83	102	CASA CANEDA (C)
ALGRABUSAN MARION 870 3188	1447	-0,15	38	-0,11	35	0,94	0,35	0,39	0,73	1,35	2672	100	101	ALGRABUSAN (LU)
VILAFERREIROS BRUNA 311 GOLDW.	785	-0,13	17	-0,04	21	0,78	1,84	1,40	2,23	2,63	2670	104	111	VILAFERREIROS (C)
RIVAS GOLDWYN 33	585	0,03	24	0,10	28	0,74	1,21	1,09	1,63	1,29	2668	115	117	RIVAS (LU)
BLANCO.H TOYSTORY MANCIÑEIRA	1036	-0,12	27	-0,03	30	-0,08	1,12	1,05	1,38	1,36	2667	99	107	BLANCO (PO)
CANEDA NAVEIRA BUCKEYÉ	1038	0,05	43	-0,02	31	1,01	0,41	0,28	1,49	1,66	2662	95	106	CASA CANEDA (C)
CLARA EMER. ALTAGEN SALENA ET	1175	0,14	57	0,02	39	0,16	0,80	0,81	0,22	0,46	2662	103	104	CASA GRANADERO (LU)
MARIO 95 7768 GOLDWYN	707	0,24	48	0,07	29	0,72	1,37	1,17	1,33	1,63	2661	109	110	MARIO (LU)



Con un ICO de 3200, Mario Xacobeo segue a ser o Nº 1

Mellores touros do programa de Galicia (Dec. '09)

Nome	ICO	kl	ppg	kg	ppp	kp	IPP	ICU	IGT	RCS
MARIO XACOBEO ET TVTL	3200	1150	-0,12	28	-0,04	32	1,82	2,69	2,79	101
BOS AGRORTEGAL VIDUEIRO TA. ET	2691	919	0,00	32	0,07	35	0,45	1,01	1,03	106
BOS MORTY TUNNO ET	2658	1286	-0,37	7	-0,12	28	1,28	1,26	1,92	114
KELSTEIN A.L.H. DARTER ET TVTL	2544	956	-0,18	15	-0,08	21	1,80	1,14	2,14	102
SEELBY CONVINCER BOTAFOGO ET CVTL	2472	653	-0,12	11	0,03	23	1,38	1,72	1,24	96
H-STIENS FAST MORTY MOES TVTL	2391	1184	-0,37	4	-0,09	27	0,64	1,33	1,98	97
LUPINO TVTL	2343	1269	-0,11	33	-0,07	32	0,53	-0,40	0,24	88
TITEUF TENORIO TVTL	2337	803	0,09	37	0,10	34	0,16	-0,47	-0,30	110
ALH ELEGANT TVTL	2323	472	-0,01	15	0,09	23	2,10	0,47	0,93	94
BOS CID ALLEN MACIÑEIRO ET TVTL	2320	588	-0,20	1	0,10	27	1,25	1,27	1,98	90
MESLAND ALH BUILDER ET TVTL	2258	442	-0,01	14	0,01	14	1,23	1,52	1,80	96
EUROSTAR GOODLUCK DEROLES	2252	866	0,04	34	-0,01	26	-0,10	0,70	1,34	99
BOS STORM ZARZO ET TVTL	2226	1060	-0,01	36	-0,11	22	1,27	-0,13	0,66	106
IDEAL TVTL	2225	1114	-0,27	12	0,08	43	-0,33	-0,80	-1,20	93
HOL-STIENS JACKPOT VERTIGO	2221	1426	-0,24	25	-0,23	20	0,30	-0,14	1,72	96
XERCAS PORTA ZEUS BLITZ ET TVTL	2200	1141	-0,49	-10	-0,30	5	1,25	1,19	1,18	93
BOS BW MARSHALL ROSS ET TVTL	2196	441	0,20	34	-0,13	1	1,24	1,48	1,20	119
HOL-STIENS FRED ADDISON BISBAL TVTL	2188	677	-0,23	1	0,03	24	-1,00	1,82	0,27	111
BOS STORMATIC STIO ET	2154	187	0,13	18	0,14	18	1,21	1,27	2,06	94
BOS STORMATIC JAVITO TVTL	2141	1123	-0,40	-1	-0,21	13	1,50	0,29	1,46	93
A.L.H. DANCER ET TVTL	2139	118	-0,27	-21	-0,10	-6	1,32	2,91	2,17	112
EDGEMONT WADE 2365 SIX ET TVTL	2129	417	0,23	36	0,01	13	-0,92	1,42	0,78	114
CASTRO CHAMPION INCIO TVTL	2116	307	0,09	19	0,07	15	1,50	0,75	0,64	108
QG GRANIT ET TVTL	2114	61	0,30	29	0,12	12	1,21	0,79	0,82	112
A.L.H. AMEL AMIGO ET TVTL	2113	223	-0,19	-10	0,11	16	-0,62	1,63	-0,17	113
BOS TITANIC SACHO	2112	541	0,04	22	-0,09	8	0,52	2,17	1,79	80
LEHOUX LEE MOSAR ET TVTL	2089	1006	-0,25	10	-0,06	25	1,30	-0,68	0,66	89
BOS MOURISCADE DIVINO ET TVTL	2089	-2	-0,06	-6	0,18	15	0,06	2,66	2,38	109
DB CLAIRANCE TVTL	2057	1033	-0,25	11	-0,02	30	0,45	-1,27	-0,87	106

Samuel Juárez Casado

Conselleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia

por Manuel Cruz

Vostede foi coordinador en 1988 das campañas de saneamento gandeiro da Xunta de Galicia. Coa perspectiva destes máis de 20 anos, ¿cómo evolucionou a gandería galega neste tempo, e máis concretamente o vacún de leite?

Vinte anos é un período considerable, polo tanto son moitas as cousas que cambiaron no sector, malia que outras, lamentablemente, non tanto. Cambiou, na miña opinión, a mentalidade xeral, tanto dos propios gandeiros como das administración e da sociedade galega en xeral, no sentido de considerar o do leite como un sector estratéxico para Galicia, tanto desde o punto de vista puramente económico como na perspectiva social e cultural do agro. Somos cada vez máis conscientes de que para o noso medio rural a capacidade de producir leite é fundamental. E, tamén, que é preciso garantir a rendibilidade das explotacións, porque só así terán futuro e, xa que logo, terá futuro o agro galego. Cómpre salientar asemade que houbo un salto moi importante na calidade do leite, e tamén en materia sanitaria, nun dobre eixo. Por unha parte, porque os produtores foron adquirindo a conciencia da importancia dunha cabana sa, como garantía básica para a competitividade das explotacións, o que supón un cambio substancial respecto da mentalidade que prevalecía daquela. En segundo lugar, porque xa é un pensamento estendido que a consecución dun estándar alto de calidade é premisa fundamental para manter e mellorar a presenza nos mercados.

¿E cal foi a clave para acadar esta evolución tan espectacular? (posta en marcha do Plan Integral de Mellora Xenética, a colaboración entre gandeiros, técnicos e Administración...). Malia que pareza unha resposta “á galega”, direille que penso que hai un pouco de todo iso. Só coa unión de esforzos entre tódolos axentes implicados foi posible esta evolución. Pola



mesma razón, considero que só será posible garantir o futuro do sector se se mantén esa leal colaboración.

En calquera caso, considero como elemento fundamental que os gandeiros teñen amosado a súa capacidade para incrementar o nivel de profesionalidade, en colaboración coa Administración, proceso clave para que as explotacións galegas acadaran, tecnicamente, un nivel similar ás mellores de Europa, e o do mundo.

Froito deste programa Galicia conta con Mario Xacobeo, o semental número 1 do Estado e un dos touros máis destacados do panorama internacional, e centros de referencia tan importantes como Xenética Fontao ou a U.T.E. de Bos. ¿Cales son as liñas de futuro que se plantexan desde a Administración Autonómica para a selección da raza frisona en Galicia?

Os programas de mellora xenética que están a levar Fefriga e Xenética Fontao están contribuindo ao incremento das capacidades produtivas das razas de gando explotadas en Galicia, tanto na calidade como na cantidade, con medidas destinadas á prestación de apoio técnico necesario para, deste xeito, mellorar a eficacia e a profesio-

nalidade das explotacións gandeiras. Estas serán, de xeito resumido, as nosas liñas de actuación de cara a futuro, tanto no que atinxe á raza frisona como a outras castes que resultan fundamentais para o sector en Galicia.

Á marxe da xenética, este foi un ano movido pra gandería de leite, debido á baixada de prezos en orixe ¿como se valora a situación nestes momentos desde a Consellería?

Hai, coma en todo, luces e sombras. Quizais, neste momento, máis sombras que luces, lamentablemente. A situación non é doada, especialmente para os produtores, pero tampouco para os demais axentes que interveñen na cadea de valor do leite (industrias, distribución e mesmo os consumidores).

No que nos atinxe ás administracións –e máis concretamente á Xunta– estamos a traballar para buscar solucións a curto, medio e longo prazo. Dentro do noso ámbito de competencias e no marxe de manobra que temos, habilitamos diferentes tipos de axudas para os gandeiros e deseñamos –e estamos a aplicar– un plan estratéxico que contempla, ademais destas axudas que poderíamos cualificar como

*“hai que manter o pulso en I+D+i,
para manter, tamén, a presenza do sector lácteo galego
como referente de calidade e excelencia”*

“de urxencia” outras medidas que, de xeito resumido, podemos englobar en tres grandes liñas: Fomento da mellora da competitividade das explotacións, da competitividade da industria e accións relacionadas coa regulación dos mercados.

¿Son os contratos homologados a solución?

Poden ser unha das ferramentas para buscar unha solución efectiva a medio e longo prazo, pero, por si sos, tampouco son a ‘panacea’. Estes contratos, polos que nos, desde a Xunta, apostamos decididamente, teñen que servir como instrumento para vertebrar o sector e fixar unhas regras de xogo xustas e equitativas para todos. Pero ademais de ter unhas normas claras, para que a cadea de valor funcione correctamente ten que haber un compromiso serio –por todos– de ‘xogar’ de acordo con esas regras.

De cara á finalización do sistema de cotas leiteiras en 2015, ¿habería que camiñar cara outro modelo produtivo na gandería de leite galega?

Máis aló do debate sobre as cotas –sendo este, desde logo, importante– considero que, efectivamente, hai que ir cara outro modelo produtivo no que primen, como veño de dicir, unhas relacións ‘harmonizadas’ entre tódolos integrantes do proceso produtivo e de comercialización. Hai, desde logo, que vertebrar máis e mellor as explotacións, pero tamén mellorar a competitividade das industrias, diversificar a produción e manter o pulso en I+D+i, para manter, tamén, a presenza do sector lácteo galego como referente de calidade e excelencia na mente –e na cesta da compra– dos consumidores, nos diferentes mercados.

¿Este tipo de situacións demostran a necesidade de promover a recría en Galicia para non ser tan dependentes das importacións do exterior?

Son da opinión de que a recría dentro de Galicia, e no seo de cada explotación, constitúe un instrumento moi



relevante non só para manter unha cabana de alta calidade, senón tamén, e sobre todo, para reducir o risco de entrada de enfermidades entre os animais. Por iso, considero que é un elemento a fomentar no futuro, sen dúbida.

¿Que papel deberían xogar as asociacións de criadores como FEFRIGA e as AFRICORES provinciais no desenvolvemento da gandería de leite en Galicia?

Pois creo que o mellor que poden facer é manter unha permanente aposta polo rigor, a seriedade e a calidade no traballo como mellor xeito de consolidar o prestixio do noso sector. Confío en que as asociacións de produtores sigan no camiño actual de

fiel colaboración coa Administración, fixando os obxectivos estratéxicos que axuden a un futuro esperanzador para o sector.

¿Pódese concibir un Medio Rural galego sen o leite?

Na actualidade, creo que non se pode falar do Medio Rural galego, tal como o coñecemos, sen o leite, porque é evidente que este sector é a ‘clave de bóveda’ de todo o agro galego. Xa que logo, se queremos preservar este medio de vida, que leva consigo, ademais de tradición e cultura, un substrato humano que, como é lóxico, ten que ser considerado como o máis importante de todo, debemos de facer todo o posible por manter esta actividade como fonte de riqueza sostible.



Un equipo do Clube de Xóvenes Gandeiros mellores preparadores de Europa

Un equipo do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia foi o gañador da **European Young Breeders School** (Escola Europea de Xóvenes Gandeiros), que se celebrou do 2 ao 6 de setembro en **La Battice**, na **localidade belga de Herve**. Esta escola-competición de preparadores e manexadores de gando frisón naceu en 1989 como unha iniciativa da Asociación Valona de Criadores para fomentar este tipo de técnicas entre os máis mozos, a imitación das competicións que se veñen celebrando desde hai décadas en Canadá. A Escola Europea de Xóvenes Gandeiros chegaba este ano ao seu décimo aniversario, para o que contou coa participación de **140 rapaces de entre 14 e 25 anos**, procedentes de **13 países europeos** e do **Canadá**. Algúns dos países, coma **Bélxica, Alemania** ou **Suíza** presentaron máis dun grupo polo que ao final competiron un total de **24 equipos**.

O equipo do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, que **acudiu en representación de España**, estivo composto por:

Águeda Capón Fernández, de 15 anos, da gandería Capón (Chantada-Lugo).

Roi Capón Fernández, de 19 anos, da gandería Capón (Chantada-Lugo)

Iván Ferreiros Señor, de 20 anos, da gandería Casa Grande (Pastoriza-Lugo)

Alba Álvarez Nuñez, de 21 anos, da gandería Silvela (Vegadeo-Asturias)

Manuel Peteira Fernández, de 22 anos, da gandería Peteira (Castro de Rei-Lugo)

Iván López López, de 25 anos, da gandería Novelle (Paradela-Lugo)

Javier Álvarez, técnico de FEFRIGA, e **Carmen Candal**, secretaria da federación, foron os coordinadores do grupo. Durante os cinco días que durou o concurso tiveron que realizar varias **probas, tanto teóricas como prácticas**, vinculadas á **morfoloxía da vaca frisona**, entre as que destacaba o manexo e preparación dun lote de xovencas, que participarían despois no Concurso rexional da Valonia.

Gañaron o premio ao mellor equipo da European Young Breeders School, por diante do equipo suízo de **Neuchatel** e dos alemáns de **Niedersachsen**.

Ademáis do título por equipos **Águeda Capón Fernández**, de 15 anos, **foi elixida a mellor preparadora junior de Europa** e quedou clasificada entre os dez mellores manexadores de tódalas idades do concurso.

Outro dos triunfadores galegos foi **Iván López López**, de 25 anos, xa que **o animal que preparou durante a escola foi elixido a Xovenca Gran Campiona** do concurso da Asociación Valona de Gandeiros.

O Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia naceu en 2008 ao abeiro da **Federación Frisona Galega**. Con actividades coma esta buscan **promocionar a profesion gandeira entre os máis novos e axudalos a formarse** na súa futura ocupación.

Estes tres galardóns **dan mostra do excelente nivel que teñen os manexadores galegos**. Eles son **o futuro da gandería de leite no noso país**, unha **xeneración preparada e decidida a continuar con esta actividade**.

¡Noraboa a todos!



Águeda Capón foi eleixida a mellor preparadora Junior de Europa



Iván López coa Xovenca Gran Campiona, que él mesmo preparou



O equipo galego



Unha das coordinadoras dando explicacións aos equipos



Momento de preparación das camas dos animais



O xurado valorou moi positivamente ao equipo español



Póster de presentación do equipo onde non faltou a promoción da nosa terra



Como era de esperar, numerosos amigos e familiares agardaban no aeroporto aos nosos campións

XXX Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe '09



Despois do paréntese que no 2008 impuxo a enfermidade da Lingua Azul, os pasados días 26 e 27 de setembro, Xixón acollía de novo o Concurso Nacional da Raza Frisona Conafe '09, que nesta trixésima edición foi maxistralmente xulgado polo canadiano Brian Cascaden, Xuíz Internacional da Holstein Association of Canada.

Malia a recuperación da principal cita que anualmente temos os criadores de Frisón de toda España, a crise que está a atravesar o sector lácteo deixouse notar en canto a presenza de gando, non obstante e a pesar de todos os

inconvintes, finalmente competiron 139 animais pertencentes a 53 ganderías de 6 comunidades. Nesta edición e grazas ao entusiasmo e vontade de superación (ao mal tempo boa cara) de 8 decididos gandeiros, Galicia tamén puido estar presente neste certame con 12 extraordinarios exemplares. Para o seu coidado, preparación e presentación, contaron co traballo e profesionalidade dun grupo de rapaces e rapazas do Clube de Xóvenes Gandeiros. A todos eles, -gandeiros e xóvenes,- o noso recoñecemento e felicitación polo traballo realizado e os premios acadados.



Momento do xulgamento de novillas e xovencas

Resultados das ganderías galegas

Sección 1 *Terneras de 8 a 10 meses*

3º premio **Pozosaa Jasper 9888 Erm** Casa Pozo (Saa - Lugo)

Sección 2 *Terneras de 11 a 13 meses*

4º premio **Pozosaa Lheros 7229** Casa Pozo (Saa - Lugo)

Sección 3 *Novillas de 14 a 16 meses*

3º premio **Pozosaa Roy Lana 6971** Casa Pozo (Saa - Lugo)

Sección 10 *Vaca Joven Lactación hasta 30 meses*

1º premio **Cid Goldwyn Aleluya V** Gandería Cid (Barreiros - Lugo)

4º premio **Rey 435 Diana Igniter** Rey de Miñotelo (A Pastoriza - Lugo)

Sección 15 *Vaca Adulta Lactación de 5 años (Mejor Ubre)*

3º premio **Xercas Cav Djalma Stormatic** Cavadas (Xermade - Lugo)

Sección 16 *Vaca Adulta Lactación de 6 años o más*

2º premio **Nodi Dante Gisela** Nodi (Barreiros - Lugo)

Sección 17 *Vaca Joven Campeona*

Vaca Joven Campeona e M.H. Vaca Gran Campeona

Cid Goldwyn Aleluya V Gandeiría Cid (Barreiros - Lugo)

Ganderías participantes

Casa Pozo (Saa-Lugo)

Rey de Miñotelo (A Pastoriza-Lugo)

Nodi (Barreiros-Lugo)

Casa Capón (Chantada-Lugo)

Gandería Cid (Barreiros-Lugo)

Portalousa (Xermade-Lugo)

Cavadas (Xermade-Lugo)

Perrelos (Taboada-Lugo)



Na pista de Xixón, voltáronse a ver os mellores exemplares do estado



O público volveu encher as gradas do ring



Cid Goldwyn Aleluya V. Vaca Joven Campeona e M. H. Vaca Gran Campeona. Gandeiría Cid (Barreiros - Lugo)



Pereira Dolman Dalia (esq.) e Pereira Dolman Luna (dta.). Becerra e Xovenca campiónas

XIII Concurso frisón Becerra Selecta 2009

Con esta son xa 13 as edicións deste concurso que se ven desenvolvendo la localidade pontevedresa da Estrada. Nesta edición celebrada o pasado día 18 de outubro o xuíz, D. Bonet Cid Salgado (Xuíz Nacional de Conafe) encargouse de vulgar aos 61 animais das 24 ganderías participantes, na que a colocación final resultou do seguinte xeito:

Becerras ata 8 meses

Pereira Dancer Chinita (Gand. Pereira - Forcarei).

Becerra Subcampiona

Becerras de 8 a 10 meses

Argelina Botafogo Dora (Gand. Argelina - Forcarei)

Becerras de 11 a 13 meses

Pereira Dolman Dalia (Gand. Pereira - Forcarei)

Becerra Campiona. Xovenca Gran Campiona

Xovenca de 14 a 16 meses

Pereira Dolman Luna (Gand. Pereira - Forcarei)

Xovenca Campiona

Xovenca de 17 a 19 meses

Argelina Elegant Doly (Gand. Argelina - Forcarei)

Xovenca Subcampiona

Xovenca de máis de 20 a 24 meses

Bos G. Pereira Final Cut Deli (Gand. Pereira - Forcarei)

Mellor Criador Becerra Selecta

1º **Gandería PEREIRA** – Forcarei

2º **Gandería DOYGLE** - A Estrada

Concurso xóvenes manexadores

Sección 1 - Xóvenes ata 10 anos

Nain Rodríguez Soares

Javier Arturo Caramés Cifuentes

Uxía Correa Iglesias

Sandra Cortizo Carral

Fátima Míguez Miguéns

Sección 2 - Xóvenes entre 11 e 17 anos

1º María Manteiga Rodríguez

2º Lucía Gañete Vidal

3º Alejandro Gañete Vidal

Ganderías participantes

A Coba (Forcarei)

A Revolta (A Estrada)

Arca (Forcarei)

Casimiro (Forcarei)

Conde da Xesteira (A Estrada)

Doyle (A Estrada)

German (A Estrada)

Loureiro (A Estrada)

Mª Flor (Forcarei)

O Pico (Forcarei)

Pereira (Forcarei)

Sat Peniña (A Estrada)

Agapito (Forcarei)

A Torriña (A Estrada)

Argelina (Forcarei)

Cerviño (A Estrada)

Corral (Forcarei)

Eiras (A Estrada)

Gestoso (A Estrada)

Louzao (A Estrada)

Magariños (A Estrada)

Os Caseiros (A Estrada)

Santaya (A Estrada)

Vilaboa (A Estrada)

XVIII Concurso de gando frisón Chantada '09

Xulgado por D. Santiago García Souto (Xuíz Nacional de Conafe), celebrouse en Chantada (Lugo), os días 24 e 25 de outubro a 18 edición deste xa tradicional concurso. Cunha participación de 110 animais e a presenza de 29 ganderías, os resultados acadados foron os seguintes:

Xatas ata 8 meses

Pozosaa Goldwyn 6821 Rula (Pozo – Lugo)

Xatas de 8 a 10 meses

Pozosaa Jasper 9888 Erma (Pozo - Lugo)

Xatas de 11 a 13 meses

Rey 470 Blanquita Dolman (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Xata Subcampiona

Xatas de 14 a 16 meses

Novelle September Nepal (Novelle - Lugo)

Xata Campiona

Xovencas de 17 a 19 meses

Nodi Affirmed Lola (Nodi – Barreiros)

Xovenca Subcampiona

Xovencas de 20 a 26 meses

Vieites Conchita Igniter (Pozo - Lugo)

Xovenca Campiona. Gran Campiona de Xovencas

Vacas en Lactación ata 30 meses

1ª) Cid Goldwyn Aleluya V (Cid - Barreiros)

Vaca Nova Campiona

2ª) Rey 434 Natacha Goldwyn (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

Vaca Nova Subcampiona

Vacas en lactación de 31 a 35 meses

Perrelos Amada Botafogo (Perrelos - Taboada)

Vacas en lactación de 36 a 41 meses

Outeiro Goldwyn Contessa (Outeiro - Chantada)

Vacas en lactación de 42 a 47 meses

Capon-Holstein Lyster Doris (Capon – Chantada)

Vacas en lactación de 4 anos

1ª) Pozo Allen 5275 Mimosa (Pozo - Lugo)

Vaca Intermedia Campiona. Gran Campiona de Vacas

2ª) Cid Roy Muesle (Cid - Barreiros)

Vaca Intermedia Subcampiona

Vacas en lactación de 5 anos

Xercas Cav Djalma Stormatic (Cavadas - Xermade)

VACA ADULTA CAMPIONA

Vacas en lactación de 6 anos ou máis

Tortue LB 4573 (Pozo – Lugo)

Vaca Adulta Subcampiona

Mellor Criador

1º) POZO - Lugo

2º) CID - Barreiros

Mellor Rabaño

1º) POZO – Lugo

2º) CAPON – Chantada



Pozo Allen 5275 MIMOSA - VACA GRAN CAMPIONA



Vieites CONCHITA Igniter - XOVENCA GRAN CAMPIONA

Concurso xóvenes manexadores

Sección 1 - Menores de 9 anos

Andrés Vázquez García

Cristina Viana López

Iñaki López Baltar

Jorge Vázquez Cuñarro

Laura López López

Manuel Carballo

Martin Gómez Vázquez

Sección 2 - De 10 a 15 anos

1º) Marcos Osorio Noguerol

2º) David de la Torre Rey

3º) Pablo Martins García

Sección 3 - De 16 a 21 anos

1º) Miguel Expósito Rodríguez

2º) Alba Álvarez Núñez

3º) Águeda Capón Fernández

Sección 4 - Máis de 21 anos

1º) Iván López López

2º) Manuel Peteira Fernández

3º) Rubén Cando Santos

Sección 5 - Campionato

Miguel Expósito Rodríguez. **Gran Campión**

Ganderías participantes

Adolfo (Chantada)

Cachán (Chantada)

Cancela (Sarria)

Cavadas (Xermade)

Díaz (A Pontenova)

Gainas (Trabada)

Lina (Trabada)

Meilán (Monterroso)

Nodi (Barreiros)

Outeiro (Chantada)

Portalousa (Xermade)

Quinta (Taboada)

Rego (Lancara)

Tato (Chantada)

Anoca (Castro De Rei)

Calobro (Trabada)

Capón (Chantada)

Cid (Barreiros)

Fontestriz (Chantada)

Lagoa (Chantada)

Marey Castro (Pol)

Moreira (Chantada)

Novelle (Paradela)

Perrelos (Taboada)

Pozo (Lugo)

Raxino (Chantada)

Rei de Miñotelo (A Pastoriza)

A nova feira Gandagro acollerá en marzo os concursos Autonómico e Internacional



GandAgro 2010
I Monográfico Ganadero y Agrícola
4 - 6 de marzo



XIX Concurso Autonómico de la Raza Frisona "Fefriga 2010"
XXX Concurso Internacional de la Raza Frisona "Open GandAgro"



www.gandagro.com



O vindeiro ano a Feira Internacional de Galicia, en Silleda, poñerá a andar **GandAgro**, un novo salón dedicado exclusivamente aos sectores **gandeiro** e **agrícola**, e que terá unha periodicidade bianual. Durante tres días, do 4 ao 6 de marzo, **GandAgro**, o I Salón Monográfico da **Gandería** e a **Agricultura**, reunirá nun mesmo espazo unha importante representación da oferta e a demanda agrogandeira do noroeste peninsular: a innovación tecnolóxica e os últimos lanzamentos do mercado, as oportunidades de negocio na produción de calidade e os procesos produtivos respetuosos co medio ambiente terán un papel protagonista.

Pero a principal novidade para os criadores de frisón é que **GandAgro** acollerá a partires de agora os concursos autonómico e internacional que nos últimos anos se estaban a celebrar coincidindo coa Semana Verde de Galicia. Así o XIX Concurso Autonómico da Raza Frisona Fefriga 2010 terá lugar no Recinto Feiral de Silleda do 4 ao 6 de marzo. Como ven sendo habitual, nel poderán participar gando frisón nado e propiedade de explotacións ubicadas en Galicia. Pola súa banda o Concurso Internacional da Semana Verde, que o vindeiro ano chega á súa trixésima edición, pasará a denominarse "Open Internacional GandAgro". Estará aberto a todos os animais inscritos no Libro Xenealóxico da raza frisona, coa participación de exemplares procedentes de toda Europa. Este concurso contará cun orzamento de 32.000 euros en premios para as diferentes seccións. Ao ser unha feira bianual, **GandAgro**

acollerá o Concurso Autonómico da Raza Frisona os anos pares, mentres que nos anos impares terá lugar coincidindo con CIMAG, o Certame Internacional de Maquinaria Agrícola de Galicia, outra feira de carácter bianual que se celebra nas mesmas datas.

Paralelamente aos Concursos de Frisón, celebrarase o XXVI Concurso de Manexadores Memorial Luis Louzao, o III Concurso de Pelado e Presentación, a presentación de Grupos de Proxenie dos sementais máis destacados de Xenética Fontao e xornadas técnicas dos distintos sectores agrícolas e gandeiros. Ademais das actividades vinculadas co mundo do frisón, GandAgro acollerá un Concurso de Innovación Tecnolóxica, encontros de negocio, un monográfico de gando porcino e outro de cunicultura e o certame Arcoverde, a gran feira do sector da flor e da planta ornamental do noroeste peninsular.

III Poxa de Xovencas de Mazaricos

O pasado día 15 de novembro, organizado por Africor-Coruña e o Concello de Mazaricos, celebrouse no pabellón Polideportivo Municipal de Mazaricos a III Poxa de Xovencas de Mazaricos. Nesta ocasión o **número de animais presentados e vendidos ascendeu a 18** que acadaron un volume total de vendas de case **40.000 euros**

Animal Subastado	Gandería vendedora	Gandería compradora	Prezo
Sevillano Mirta Chamoso	Sevillano	Cives	1.900 €
Nuveira Perla Chispiño	Nuveira	Josefina Caamaño Otero	2.200 €
Campogrande 4792 Final Cut	Campo Grande-A Pena	Mª Luz Lires Martínez	2.250 €
Vilaferreiros Carmen 369	Gandería Vilaferreiros	Jose Luis Cao Liste	2.450 €
Aro 472 Allen 117	Coop. S. Antonio de Aro	Edelmiro Alvite Novio	2.050 €
San Rian 5398 Tetas Landoi	Gandería San Rian	Cives	2.150 €
Xollos Corchi Marion	Xoios	Josefina Caamaño Otero	2.450 €
Xollos Pamela Marion	Xoios	Urbano Garcia Muiño	2.400 €
Aro 416 Louro 108	Antonio de Aro	Jose Luis Cao Liste	2.300 €
Aro 450 Tristán 107	Antonio de Aro	Cives	2.000 €
Sat Rial 8393	Martínez Pereiro	Gonzalo Silva Vázquez	1.900 €
Sat Igniter 2865	Martínez Pereiro	Castro de Maroñas	2.100 €
Saamil Cabana Lheros	Saamil	Luis Tato Gómez	2.300 €
Nuveira Nita Botafogo	Nuveira	Mª Pilar Otero Calvo	2.400 €
Cuns Tania Landoi	Cuns	Castro de Maroñas	2.100 €
Priska 8175 Tinsel	Parafita	Cives	2.050 €
Amadora	Miguel Salgado Garea	Cives	2.250 €
Muñiz Income 154	Muñiz	Urbano Garcia Muiño	2.150 €
Datos facilitados por Africor-Coruña		Total Vendas	39.400 €
		Prezo Medio	2.189 €



Vilaferreiros Carmen 369 Toystory. Venda en 2.450 €



Xollos Corchi Marion. Venda en 2.450 €

É tempo de aforrar... Enerxías renovables: Económicas-Eficientes-Ecolóxicas



Caldeiras de gasificación de madeira

Pensadas para suministrar calefacción e auga quente sanitaria de xeito ecolóxico, económico e eficiente en vivendas, talleres, invernadoiros, explotacións agrícolas e ganderías, etc.

O proceso de gasificación permite aproveitar os gases que se desprenden na combustión acadando rendementos do 85%.

Unha soa carga de leña pode durar **ata 24 horas** en función dos parámetros e calidade da mesma.

Fabricadas en aceiro de 6mm, de espesor, garantía de 2 anos e premios e certificacións internacionais. Axudas para adquisición e instalación



Microxerador eólico de 10 Kw ASPA VERTICAL

Garantiza suministro eléctrico para pequenas urbanizacións, talleres, pequenas fábricas, explotacións agro-ganderías, etc.

Independencia de compañías eléctricas e de subas de tarifas.
3 ANOS DE GARANTÍA. Duración estimada: 20 anos.

Funcionamento con ventos desde 1.5 m/s. Independencia da dirección do vento. Parada automática no caso de fortes ventos.

Posibilidade de funcionamento con árbores ou obstáculos próximos. Mínimo ruído (<35db a 5mts.)

Axudas para adquisición e instalación



Caldeiras de Pellets

As nosas caldeiras de pellets conxugan a eficiencia - con rendementos do 90% coa máis alta calificación da norma europea coa fiabilidade e robustez da fabricación en aceiro de 6 mm. de espesor.

Con queimador automático, alimentación automática de combustible, alta seguridade, fácil manipulación e limpeza. Aseguran suministro de calefacción e auga quente sanitaria con prestacións e confort equivalentes aos combustibles fósiles.

2 Kg. de pellets= 1 Litro de Gas-oil. Prezo 1 kg. pellets: 0,20 €.

Axudas para adquisición e instalación

Para contactar connosco, poden chamar aos seguintes teléfonos:

Departamento comercial:
620 877 583

Departamento técnico:
618 987 016



www.ocotodetaibo.com
620 877 583

I Miniescola de xuíces do Clube de Xóvenes Gandeiros



O Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia organizou o pasado 31 de xullo, na **Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos** (Guísamo-Bergondo), a súa primeira miniescola de xuíces, na que participaron un total de 70 alumnos procedentes Galicia, Asturias, Extremadura e Portugal. A xornada comezou cunha clase teórica no veciño **Centro de Formación Agraria de Guísamo** sobre a **Conformación da Vaca Leiteira Ideal** a cargo de **Françesc Grau**, o director xerente de FEFRIGA.

Sesións prácticas de xulgamento

A base deste tipo de escolas céntrase nas sesións prácticas, para as que se prepararon varios lotes de animais da **U.T.E. de Bos**. Celebráronse cinco sesións de xulgamento de xatas, xovencas, vacas en lactación de primeiro parto, vacas en lactación de segundo parto e vacas adultas, baixo a supervisión do asturiano **Francisco Javier Freije, xuíz nacional de CONAFE**. De xeito similar aos concursos os animais foron saíndo a pista, onde os alumnos debían clasificalos de mellor a peor en función das súas características morfolóxicas.

Curso de reciclaxe para preparadores

Previo á celebración da miniescola tamén tivo lugar nas instalacións de Bos un curso de reciclaxe para preparadores e manexadores de gando, onde os rapaces que participaron en cursos anteriores puideron actualizar os seus coñecementos sobre lavado, pelado, alimentación e outros coidados que precisan os animais durante a súa presentación aos concursos. Este curso de reciclaxe serviu tamén de entreno previo para o equipo do Clube de Xóvenes Gandeiros que acudía á **European Young Breeders School** de Bélxica. Á vista dos resultados -os galegos gañaron o título de mellor equipo- semella que esta reciclaxe foilles de proveito.

Clube de Xóvenes Gandeiros: unha organización impecable

Creado para fomentar a implicación dos máis novos na gandería de Frisón o Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, (que conta hoxe con preto dun centenar de asociados) deixou patente o seu bo facer e profesionalidade tanto na organización desta miniescola como nas outras actividades que organizou e desenvolveu ao longo deste ano e que merecen a nosa felicitación e recoñecemento.



Momentos dos xulgamentos e das explicacións dos asistentes.
A excelente calidade de todos os animais da granxa de Bos, púxollo aínda máis difícil aos alumnos.

Selección xenómica no vacún de leite Holstein

D. Juan Pena. Dpto. técnico de CONAFE



Desde finais de 2007 é posible coñecer a un prezo accesible a información que hai nunhas 50.000 posicións do ADN das vacas e touros. A selección xenómica consiste en utilizar esa información como un dato adicional para predicir os valores xenéticos dos animais e, baseándose neses valores xenéticos “mellorados”, tomar as decisións de selección. Para entender mellor todo o que implica a selección xenómica, neste artigo explícase que información se pode coñecer do ADN de vacas e touros, como vai impactar esta nova información nas avaliacións xenéticas e cales van ser algúns dos principais cambios que se producirán no mundo da selección do vacún Holstein.

En que consiste a secuenciación do xenoma?

O primeiro é lembrar o que é o ADN. O ADN está composto por dúas cadeas paralelas de bases químicas, chamadas nucleótidos. Estas poden ser de catro tipos: adenina (A), guanina (G), citosina (C) e timina (T). Cando no ano 2000 se secuenciou o xenoma humano, o que se conseguira era coñecer a orde exacta na que aparecían estes catro nucleótidos nos cromosomas duns poucos individuos (ver figura 1). Iso significa que se identificaron tres billóns de pares de bases presentes en cada un destes xenomas. A importancia de coñecer a secuencia destas catro letras ao longo do ADN é debida a que esta secuencia determina as proteínas que se sintetizan nas células e estas á súa vez interveñen en todos os procesos biolóxicos que se dan nos seres vivos e determinan diferenzas observables entre os individuos.

Que son os SNP?

A transcendencia de que se secuenciase o xenoma de varios individuos é debida a que a maior parte do xenoma é igual en todas as persoas. As variacións son debidas aos cambios que se foron

dando no ADN, pero representan unha pequena parte do total de bases do xenoma. Un SNP (“polimorfismo dun só nucleótido”) é unha variación na secuencia de ADN que afecta a unha soa base (ver figura 2). Denomínanse “snips” e son o tipo de variación máis frecuente no ADN, constitúen ata o 90% de todas as variacións humanas xenómicas. Calquera base do ADN podería ser substituída por calquera outra, pero, na práctica, a maioría dos SNP só ten dúas variantes ou alelos. Un aspecto importante é que, para que unha variación nunha posición se considere que é unha SNP, a variante menos frecuente debe estar presente polo menos no 1% da poboación. Os SNP presentan unha distribución aproximadamente uniforme no xenoma e poden estar ou non asociados con diferenzas observables entre os individuos. En xeral o efecto asociado a cada SNP será pequeno.

A gran cantidade de diñeiro público que se destinou á secuenciación do xenoma e ao estudo dos SNP débese á súa utilidade para a investigación médica en torno aos riscos de desenvolver determinadas enfermidades ou sobre a eficiencia dos fármacos e a tolerancia a estes.

Chip 50 K SNP

A continuación do xenoma humano, en 2004 secuenciouse o xenoma bovino, financiado tamén na súa maior parte polo Goberno de EEUU e cuxos resultados eran e son de acceso libre. A partir desta información desenvolvéronse aplicacións comerciais para coñecer a un prezo alcanzable a información exacta que presenta cada touro ou vaca nun elevado número de SNP. En 2005 era xa posible, a partir dunha mostra de sangue, seme ou pelo coñecer por un prezo accesible (menos de 400 dólares) a información existente en 10.000 SNP. Pero desde decembro de 2007 xa se poden coñecer as “letras” que presenta cada individuo en máis de 50.000 SNP por uns 250 dólares. E é con esta última aplicación comercial coa que se produciu o disparo de saída para esta carreira da selección xenómica (ver foto en figura 3). O prezo actual en Europa está arredor dos 200 euros.

Cando falamos do xenotipo dun touro neste contexto de selección xenómica, referímonos á información que presenta o touro nos 58.000 SNP integrados no chip comercial, aínda que en realidade o termo xenotipo engloba o total do ADN do animal.




Figura 1. Estrutura do ADN (National Cancer Institute, 2002)




Figura 2. Esquema explicativo do que é un SNP (National Cancer Institute, 2002)

Que efecto teñen os SNP sobre as producións, cualificacións, reconto...?

Os SNP non teñen por que formar parte dos xenes. Pero se están ben distribuídos ao longo do xenoma, moitos deles estarán próximos a zonas do ADN responsables de caracteres de interese, é dicir, estarán asociados a xenes. O obxectivo será identificar estas asociacións entre os SNP e as distintas características que interesa estudar nos individuos. Por iso se di que os SNP son “marcadores xenéticos”. Na figura 4 represéntase un exemplo do efecto dun SNP no mérito xenético de kg de leite. Podemos considerar que o “efecto” deste SNP é debido a que se transmite conxuntamente cun determinado xene que afecta á produción de kg de leite.

Avaliacións xenómicas

As avaliacións xenómicas consisten en establecer unhas “fórmulas” mediante as que, a partir da información que ten un animal determinado en cada un dos miles de SNP considerados, se predí o seu mérito xenético en cada un dos caracteres. As probas así obtidas denomínanse valor xenómico “directo”, porque non se basean nada máis que nos xenotipos dos touros.

Para poder comezar a calcular avaliacións xenómicas nun país é necesario dispoñer dos xenotipos dos touros que teñen proba nese país e asociar as probas aos xenotipos, para obter as “fórmulas” que predín os méritos xenéticos a partir dos xenotipos. Ese grupo de touros co que se calculan as “fórmulas” de predición do valor xenómico directo chámase “poboación de referencia”. Un aspecto clave é que canto maior sexa o número de touros xenotipados para o estudo de asociación entre probas e SNP, maior fiabilidade terán as avaliacións xenómicas.

Estas fórmulas hai que estimalas para cada poboación porque as asociacións entre SNP e xenes non teñen por que ser iguais en distintas poboacións. Ademais, hai que reestimalas periodicamente.

Fiabilidade dos valores xenómicos

Actualmente, o valor xenético de calquera animal acabado de nacer calcúlase como a media das probas dos seus pais e a súa fiabilidade está en torno ao 30%. Pero, se se envía unha mostra de sangue ou pelo ao laboratorio, pódese coñecer que información ten ese animal en cada un dos 58.000 SNP. E, aplicando as fórmulas dispoñibles, calcularáselle un valor xenómico “directo”. E está información está dispoñible ao nacer o animal. Ao combinar o índice de pedigree e o valor xenómico directo, a fiabilidade aumenta en media 30 puntos respecto á fiabilidade do índice de pedigree, de tal maneira que se pasa dun 30% de fiabilidade a un 60% de fiabilidade. Se estamos no caso dun touro acabado de nacer (ver figura 5), esta fiabilidade permitirá preseleccionar mellor que touros novos poñer en testaxe. Pero, ademais, aos 5 anos de idade, cando chegue a súa primeira quenda de fillas, o touro alcanzará un 83% de fiabilidade, que aumentará ao 88% grazas a información do valor xenómico directo. É de especial importancia este aumento da fiabilidade en caracteres que, como lonxevidade e fertilidade, tardan en coñecerse e as probas de proxenie tardan en alcanzar fiabilidades altas.

No caso dunha vaca (ver figura 6), se non se dispuxese do seu xenotipo na súa segunda lactación estaríase a alcanzar unha



Figura 3. Foto do chip de Illumina utilizado para a secuenciación de 58.000 SNP

	Posición SNP	Efecto del SNP en el animal
Animal 1		
Cromosoma del padre	---cgtaagatGtaggct---	-1
Cromosoma de la madre	---cgtaagatAtaggct---	+3
		+2 kg
Animal 2		
Cromosoma del padre	---cgtaagatGtaggct---	-1
Cromosoma de la madre	---cgtaagatGtaggct---	-1
		-2 kg
Animal 3		
Cromosoma del padre	---cgtaagatAtaggct---	+3
Cromosoma de la madre	---cgtaagatAtaggct---	+3
		+6 kg

Figura 4. Exemplo explicativo do efecto dun SNP




Figura 5. Evolución da fiabilidade dun touro cando se dispón de avaliacións xenómicas

fiabilidade do 51%, inferior ao 60% que se alcanza ao nacer cando o animal se xenotipou. Isto fai que cambie radicalmente a información dispoñible para seleccionar nais de sementais.

Os valores citados para as fiabilidades refírense ao LPI canadense segundo datos de Canadian Dairy Network (2009), pero danos unha idea do impacto das avaliacións xenómicas nas fiabilidades dos touros e das vacas.

O incremento en fiabilidade que achega a selección xenómica cobra un valor especial en caracteres como lonxevidade ou fertilidade, que se coñecen tarde na vida das fillas dos touros. Só por esta razón as probas tardarían moito en ter fiabilidades altas. Pero, ademais, estes caracteres presentan baixa herdabilidade e, debido a iso, necesitan engadir moito maior número de fillas que os caracteres de produción para alcanzar a mesma fiabilidade. É por iso que un aumento de 30 puntos na fiabilidade destes caracteres equivale a un número maior de fillas.




Figura 6. Evolución da fiabilidade dunha vaca cando se dispón de avaliacións xenómicas

A selección xenómica no mundo

En abril de 2008, EEUU comezou a calcular as avaliacións xenómicas e ese foi o disparador de saída para que moitos outros países se puxesen a xenotipar masivamente todos os seus touros probados e a calcular as súas propias ecuacións de predición. En xaneiro de 2009 EEUU incorporou as avaliacións xenómicas ás súas avaliacións xenéticas oficiais. Canadá comparte os xenotipos con EEUU e publicou as súas primeiras avaliacións xenómicas oficiais en agosto de 2009. Outros países como Nova Zelandia, Holanda, Francia, Alemaña ou Irlanda calcularon xa as súas primeiras avaliacións xenómicas.

En España, CONAFE, o grupo de investigación INIA-UPM e os programas de testaxe españois acordaron un plan para a posta en marcha das avaliacións xenómicas co apoio da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM), o cal vai financiar o xenotipado de 2000 touros Holstein no Laboratorio Central de Veterinaria de Algete. Con iso obteranse unhas ecuacións de predición para estimar o valor xenómico directo dos animais a partir da información dos SNP. Posteriormente integráronse nas avaliacións xenéticas oficiais actuais baseadas en datos e xenealoxías. Está previsto que o xenotipado comece en marzo-abril 2010 e que as primeiras avaliacións xenómicas oficiais estean dispoñibles en 2011.

No curto prazo, INTERBULL debe validar as avaliacións xenómicas nacionais e débese perfeccionar e harmonizar o cálculo das fiabilidades. Así mesmo, aínda está pendente que a Unión Europea autorice a comercialización de touros novos baseados nas súas probas xenómicas, xa que actualmente se esixe que as probas estean baseadas en fillas.

Próximo paso: chip de baixo custo

Dado que o custo de xenotipar un animal para o chip de 58.000 SNP é demasiado alto para o seu uso masivo, en EEUU pensaron en seleccionar os SNP que mellor predín o Net Merit para incluílos nun chip máis pequeno, que puidese comercializarse a un custo moito máis baixo. Desta forma poderíase utilizar, por exemplo, para preseleccionar nais de sementais ou mesmo para tomar decisións de selección sobre as xovencas de reposición. Tendo en conta os custos de cada un dos chips e a capacidade de predicir o Net Merit, decidiuse desenvolver un chip de só 384 SNP. Por unha parte, incluíría 100 SNP para poder realizar verificacións de parentesco en todas as razas de vacún. O resto dos SNP permitiría predicir o valor xenómico directo para Net Merit, aumentando a fiabilidade do Net Merit respecto ao índice de pedigree en 10 puntos, fronte 24 puntos co total de SNP. E iso cun custo de 25 dólares. Con 2000 SNP o aumento en fiabilidade era bastante maior que co chip de 384 SNP, pero o custo tamén. O inconveniente que se atoparon cos 384 SNP é que toda a ganancia en fiabilidade do Net Merit é a través dos caracteres de produción e que os caracteres funcionais non aumentan nada a súa fiabilidade. Pero, dado que os custos que se consideraban eran os de hai máis dun ano, pode que a redución dos custos do xenotipado permita aumentar, por exemplo a 2000, o número de SNP neste chip reducido e mellorar a fiabilidade das predicións que se poidan realizar.

Como afectará aos programas de testaxe e aos gandeiros?

En canto aos programas de testaxe, o aumento da fiabilidade ao nacer é moi interesante na preselección dos touros novos e nais de sementais porque aumentará o valor xenético medio dos touros que final-

mente sexan testados. Pero as probas de proxenie e a recollida de datos deberán manterse para poder obter probas con fiabilidades altas e para poder reestimar as ecuacións de predición cada certo tempo. Ao mesmo tempo, será aínda máis importante a recollida de novos datos, como a incidencia de enfermidades, xa que sería posible establecer avaliacións xenómicas sobre unha parte da poboación e que puidesen logo aplicarse a calquera animal xenotipado.

Un aspecto que pode cambiar radicalmente é a selección de nais de sementais, xa que ao nacer unha tenreira xa se pode dispoñer dun índice xenético que ten maior fiabilidade que o que se obtén agora na segunda lactación, e ademais actualmente a fiabilidade de moitos caracteres funcionais nas vacas é especialmente baixo e grazas á información xenómica poderá aumentar moito nos animais xenotipados. Todo isto permitirá mellorar a selección das nais de sementais e tamén ampliar o abano de familias a considerar.

En canto aos gandeiros, estes van sufrir unha gran presión comercial para a utilización dos chamados "tours xenómicos" (tours sen fillas, cuxa proba se basea no índice de pedigree e na información do ADN). O risco destes touros é utilízalos como touros probados, porque as súas fiabilidades son baixas (60%). Aínda que utilizando grupos de touros se pode reducir o risco da baixa fiabilidade das probas, estes "tours xenómicos" dificilmente conseguirán unha cota de mercado importante mentres as súas fiabilidades non alcancen valores entre o 80 e o 90%. O 80% é a fiabilidade mínima que se esixe en moitos países, por exemplo en España, para aparecer nas listas de mellores touros. Por iso, polo momento, as fiabilidades das probas xenómicas aínda son baixas para competir cos touros con fillas para o seu uso masivo polos gandeiros.

Non obstante, unha vantaxe especialmente interesante para os caracteres funcionais de baixa fiabilidade é que os touros probados poderán alcanzar maiores fiabilidades coa súa primeira quenda de fillas, xa que á información que achegan estas se engade a información que chega o ADN do touro. E o aumento das fiabilidades dos caracteres funcionais permitirá aumentar o seu peso relativo nos índices de selección, como o caso do ICO. Por último, nun futuro as verificacións de parentesco realizaranse baseándose nos SNP.

Biogás, fonte de enerxía a rendibilizar

D. Eliseo Diéguez García. Director do Instituto Enerxético de Galicia



As plantas de xeración con biogás constitúen **unha das alternativas máis efectivas para a valorización enerxética dos residuos orgánicos**. O **Instituto Enerxético de Galicia (Inega)**, dependente da **Consellería de Economía e Industria**, é sabedor deste potencial e por esta razón queremos facer desta conxuntura unha oportunidade. Coa finalidade de rendibilizar este tipo de enerxía **estamos a apoiar dun xeito decidido o uso das fontes renovables** e, concretamente, a potenciación da produción de biogás.

Así, no programa de axudas a enerxías renovables do Inega, que vimos de activar cunha dotación de preto de 6 millóns de euros, **contéplase unha liña específica para o desenvolvemento de proxectos de biogás** cun orzamento de 1.225.000 euros. A través destas subvencións **incentívase a posta en funcionamento de instalacións de biogás cunha potencia de ata 500 kW**, para ás que o Inega cobre ata o 15% do investimento, que pode chegar a alcanzar os 262.000 euros no caso de proxectos industriais de gran envergadura.

Proceso de obtención

O biogás fundaméntase nun proceso de descomposición en ausencia de osíxeno da materia orgánica mediante o que se obtén este produto, un gas formado principalmente por metano e dióxido de carbono, cun alto poder calorífico, e susceptible de ser aplicado en diversidade de usos enerxéticos.

Os principais substratos que se poden utilizar para a obtención do biogás son os **residuos agrícolas e gandeiros, os cultivos enerxéticos, os residuos industriais orgánicos, as augas residuais urbanas e industrias, os lodos de depuradora**, etc. Cada tipo de materia presenta diferentes potenciais de produción de biogás.

Esta tipoloxía de fonte renovable presenta múltiples utilidades enerxéticas que posibilitan a **xeración de calor en caldeiras** e de **electricidade en motores** ou turbinas, a súa utilización como **combustible de automoción** en vehículos adaptados especificamente ou a inxección como **combustible na rede de gas**, previo proceso de purificación, entre outros moitos usos.

Aplicación no sector agrogandeiro

No que atinxe ao sector agrogandeiro, de gran importancia na nosa comunidade polo potencial económico que supón, **unha das aplicacións enerxéticas máis interesantes é a produción de electricidade e calor a partir dos residuos agrícolas e gandeiros**, por canto supón poñer en valor as devanditas materias orgánicas e tamén pola súa transformación en produtos menos contaminantes.

Estas plantas específicas de biogás presentan unha alta eficiencia enerxética

ao permitir coxenerar **producindo simultaneamente calor e electricidade na mesma instalación**, e podendo chegar a alcanzar **rendementos globais do 70%**, cun axeitado aproveitamento do calor dispoñible. Trátase dunha opción con moitas aplicacións, sobre todo, para abastecer as necesidades enerxéticas nas áreas rurais.

Pero como as ratios de produción de biogás a partir dos diferentes residuos gandeiros son baixos, en comparación con outros tipos de residuos orgánicos, cómpre ter claro que á hora de estudar a viabilidade dunha planta de biogás cuxa única fonte de produción se basea na utilización deste tipo de materiais **é preciso realizar un estudio previo e detallado da densidade gandeira da zona** onde se pretende emprazar a instalación para **determinar a existencia de recursos suficientes, así como os custos de transportes asociados**.

Neste senso a **mestura de residuos gandeiros con outros de diferente natureza (agrarios, industria leiteira, conserveiras, etc.) eleva considerablemente a produción de biogás**, permitindo desenvolver plantas máis eficientes con menos cantidade de residuos, feito que abre un maior abano de posibilidades de utilización desta tecnoloxía.

Desde o punto de vista medioambiental, a través da produción deste tipo de enerxía renovable evítanse as emisións contaminantes derivadas da xeración con fontes convencionais. Así estímase que coa posta en funcionamento dunha planta

de 500 kW de potencia media evitaríanse, aproximadamente, a emisión de 2.000 toneladas anuais de CO₂ á atmosfera.

Do mesmo xeito o biogás permite reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro derivadas da valorización enerxética da combustión de biogás, evitando a emisión directa e incontrolada ao medio do metano presente nos residuos gandeiros, co que se produce un efecto invernadoiro 20 veces superior ao CO₂.

Ademais esta enerxía limpa **permite a posibilidade de utilización dos subprodutos obtidos no proceso, tanto líquidos como sólidos, denominados dixestatos, como biofertilizantes compatibles coas características dos terreos agrícolas**.

Polo tanto a **implantación de sistemas de produción de biogás colectivos en explotacións agrogandeiras constitúe unha ocasión, merecedora de ser explotada**, para a posta en práctica de sistemas de xestión integral de residuos orgánicos máis eficientes por zonas xeográficas, polos múltiples beneficios sociais, económicos e ambientais que reportarán á nosa comunidade, Galicia, cun potencial alto de residuos agrogandeiros.





Xornadas sobre queixos con denominación de orixe en Ribadeo

Durante os días 9 a 11 do pasado mes de setembro, o Clube de Xovenes Gandeiros de Galicia, na Escola de Capacitación Agraria "Pedro Murias" de Ribadeo e baixo a experta e profesional dirección de D. José López Fernández, realizamos unhas xornadas adicadas á fabricación de queixos de distintas denominacións de orixe da nosa comunidade. O que nun principio nos parecían unhas xornadas de interese dubidoso para os socios e con bastante incertidume en canto ao número de participantes, resultaron todo o contrario, unhas xornadas moi interesantes, activas, proveitosas e cun adecuado número de participantes.

As xornadas desenvolvéronse en tres días, centrándose case por completo na parte práctica. Nun primeiro intre recibimos unhas nocións básicas de teoría sobre as características e modo de fabricación de cada unha das denominacións de orixe abordadas. De seguido pasamos á queixería na que todos nos puxemos mans á obra, basta con votar unha ollada as fotografías e observar o afán de participación de cada un dos asistentes en todas as partes do proceso de fabricación. Na primeira sesión fabricamos Arzúa Ulloa, na segunda San Simón da Costa e o queixo de Tetilla foi o que pechou estas primeiras xornadas.

Debido á crise que atravesamos o sector e sobre todo ao que á venda de leite crú se refire, ésta podería ser -en opinión dos alumnos- unha vía para rendibilizar o leite producido nas granxas a fin de procurar a súa continuidade e viabilidade.

Dada a satisfacción nestas primeiras xornadas, comentouse a posibilidade de continuar complementando esta formación. Pare-

ce que no centro se poden impartir 3 novas xornadas, sendo, unha delas, adicada á elaboración do iogurt, outra ao queixo de barra e unha terceira con posibilidade de visitar unha fábrica de queixos en funcionamento, a fin de intercambiar impresións cos seus propietarios e resolver seguramente moitas dúbidas que xurdan aos participantes.

Dende aquí queremos agradecer no nome dos participantes e de todo o clube a todo o persoal da Escola de Capacitación Agraria "Pedro Murias" a axuda prestada no desenvolvemento das xornadas, facilitándonos o traballo e ofrecendo un exquisito trato a todos nos, tanto aos que pernoctamos no centro, coma aos que só comimos nas súas instalacións. Grazas por facernos sentir coma na nosa propia casa.

Só nos queda animar a todos aqueles socios á participación en próximas xornadas que tentaremos organizar na mesma escola.





Estivemos no XVIII Concurso de Gando Frisón Chantada '09

Os pasados días 24 e 25 de outubro, poidemos estar presentes na celebración do XVIII Concurso de Gando Frisón Chantada '09, grazas ao stand promocional que nos facilitou incondicionalmente a comisión organizadora deste evento, ademais de darnos a oportunidade de organizar nesta edición o concurso de manexadores.

Coa colaboración da Comisión e co patrocinio de Caixa Rural Galega, neste concurso contamos con 22 xóvenes, aos que queremos agradecer a súa participación e felicitalos pola súa profesionalidade. Fixeron que os presentes disfrutaran dunha mañá moi agradable.

Queremos animar a todos aqueles que non podieron estar nesta edición para que, en vindeiras convocatorias, poidamos contar con eles e formemos un numeroso grupo de participantes e amigos. Tentaremos avanzar, ano tras ano, ata acadar un nivel de profesionalización altamente competitivo. Vimos observando que concurso tras concurso o nivel vai sendo superior e tentaremos melloralo. Ánimo compañeiros, querer é poder.

A nosa felicitación á Comisión que organizou o evento, xa que nos dispensou un trato excepcional e sobre todo amosou confianza en nos. Noraboa polos éxitos desta edición e ánimo tamén para continuar en anos vindeiros.

Na páxina 15 deste número, podes atopar os resultados acadados no concurso.

**Clube de
Xóvenes
Gandeiros
de Galicia**
se tes o que
hai que ter...
ASOCIATE



Programa de Transferencia Embrionaria de Bos

Novas normas e servizos a partir do 1 de xaneiro



Comercialización de embrións producidos en ganderías

Co obxectivo de poñer en valor e abrir novas vías de comercialización para a xenética que estamos a producir en Galicia, a partir do vindeiro día 1 de Xaneiro de 2010 poñeremos a nosa páxina web a disposición de todos os asociados, para que deste xeito, a través do *Mercado virtual de embrións de Bos* poidan ofertar e comercializar os embrións producidos nas súas ganderías.

A fin de preservar os intereses e ofrecer as máximas garantías a todos os intervintes no proceso –compradores, vendedores e Fefriga–, os embrións que se oferten deberán cumprir coas condicións e requisitos esixidos nas normativas comunitarias que regulan este mercado, así como aquelas outras que para o bo funcionamento do sistema e imaxe da gandería galega se establezan (condicións sanitarias doantes, colleitas, calidade, xenéticas, etc...), e das que poden atopar ampla información na nosa páxina web, www.fefriga.com/utebos.

En xeral, para a comercialización destes embrións, empregase o mesmo sistema e rexírase polas mesmas normas e condicións que os de Bos, non obstante neste caso:

- Será o gandeiro propietario quen fixe o **prezo de venda**
- O prezo final (P.V.P.) será o fixado polo gandeiro sen que opere sobre o mesmo **ningún tipo de desconto**
- Dende o momento da súa publicación na web **considéranse de venda libre** (para estes embrións non rexirá o *prazo socios*)

Novos servizos

Ademais da comercialización dos embrións producidos nas granxas, canda o no ano poñemos a disposición dos nosos asociados os servizos seguintes:

- **Banco de embrións:** nel poderanse gardar, e baixo as condicións de custodia que se establezan, os embrións producidos en Ganderías Colaboradoras do Programa.
- **Novas técnicas dispoñibles:** despois do testaxe dos equipos, comprobacións e avaliación de resultados, xa está dispoñible e a disposición das ganderías dos nosos asociados os **servizos de división e sesaxe de embrións**.

Mercado virtual

A fin de axilizar e dar a máxima transparencia ao *Mercado Virtual de Embrións* (www.fefriga.com/utebos) a partir do próximo día 1 de xaneiro entrarán en vigor as seguintes normas ou condicións:

- **Prazo socios: 7 días.** Durante dito prazo os socios/ganderías colaboradoras **terán dereito preferente á adquisición dos embrións producidos en Bos**, transcurrido dito prazo, os que quedan, pasarán a venda libre.
- **Condicións de compra:** prazo socios, **só os socios e a través da web**, terán acceso á compra dos embrións.
- **Desconto socios:** aos socios e/ou ganderías colaboradoras do programa **aplicaráselles un desconto do 30% sobre todos os embrións producidos en Bos**.
- **Lotes de embrións:** sobre os lotes de embrións que se porán á venda o vindeiro día 18 de xaneiro de 2010, **rexirá o prazo de socios**, pero non se aplicará ningún tipo de desconto.
- **Incorporación de embrións** ao “Mercado Virtual”: a fin de que todos os socios disfruten das mesmas oportunidades e en igualdade de condicións, **cada mércores, ás 12:00 horas**, o sistema descargará automaticamente na páxina web, **todos os embrións producidos nos últimos 7 días** (tamén os producidos en ganderías para a súa venda).
- **Información colleitas:** co obxectivo de que todos os socios poidan estar informados e facer as súas previsións, **cada mércores e só a través da web**, informarase das vacas a colleitar a semana seguinte.

Redúcense as axudas

A complicada situación na que se atopa a economía europea en xeral e a do noso país en particular, fai prever que, para 2010, as axudas que se destinaban á execución dos diversos programas, sufran importantes reducións ou desaparezan.

No noso caso e no que se refire ó Programa de Bos, xa se nos anunciou un forte recorte, polo cal e a fin de adaptarnos á nova situación e poder continuar ofrecendo os servizos que prestamos ata a data, nos vemos na obriga de, a partir do vindeiro día 1 de xaneiro, reducir os descontos dos que, ata agora, disfrutaron os nosos socios pola compra de embrións e prestación de servizos.



¿Interesado na xenética de Bos?

¡Non o esquezas!

18 de xaneiro ás 12:00 horas en **www.fefriga.com**

Póñense á venda 40 lotes de **embrións a 600 € c/lote**

SALVORA MB87 • LONDRETA MB88 • GOLADA MB • RUBI MB86 • MALENA MB86 • RAQUEL MB87 • ESCADA MB • AFRICA MB

- Lotes compostos de 4 embrións de diferentes vacas (pódense consultar na web a partir do 11 de xaneiro)
- A compra/venda realizarase exclusivamente a través da web
- Durante 7 días só poderán mercar os socios e ganderías colaboradoras do programa (1 só lote por gandería)

conecta coa mellor xenética en...



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



embrións
on-line

www.fefriga.com

Libro xenealóxico

Alta de ganderías no Libro Xenealóxico

Os requisitos que deben cumprir as explotacións para ser inscritas e manterse de alta no Rexistro Xenealóxico son:

- Inscribir no Libro Xenealóxico a TODOS os seus animais.
- Manter, salvo casos de forza maior, uns efectivos gandeiros de, polo menos, dezasete reproductoras (femias de máis de 2 anos).
- Realizar o Control Leiteiro Oficial á totalidade das reproductoras e cumprir cos requisitos esixibles ás explotacións que se adhiren ó Control Leiteiro.

Solicitude de alta

Ao obxecto de adaptarnos e asegurar o cumprimento da normativa que establece o Real Decreto de Control Leiteiro Oficial (R.D. 368/2005) e o Regulamento do Libro Xenealóxico da Raza Frisona (Orde APA/961/2005), as ganderías que soliciten a súa inscrición no Libro Xenealóxico deberán de aportar, -xunto á Solicitude de Alta,- a documentación seguinte:

- Documentación que dispoña dos animais a inscribir e/ou dar de alta (*solicitude rexistro auxiliar "A", certificados de rexistro, cartas de importadas, etc.*).
- Fotocopia da última *folla de saneamento da explotación*.
- Censo actualizado de animais (datos do REGA).
- Fotocopia da certificación de asignación de cota (ou copia de documento que acredite dispor dela).

Lembrámoslles igualmente que, os impresos de solicitude deberán de remitirse debidamente cumprimentados e asinados polo propietario ou representante da explotación.

Rexistro de animais procedentes de transferencia embrionaria

Para rexistrar animais procedentes de Transplante Embrionario é necesario remitir á oficina de rexistro, a seguinte documentación:

- Probas de filiación da doante (se non foran remitidas con anterioridade).
- Certificado da recolleita no que consten todos os datos xenealóxicos dos proxenitores (pai e nai), data da recolleita, nº de embrións recolleitados, identificación das palletas (no caso de conxelados), así como os datos de quen a realizou.
- Certificado de transplante no que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, número de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.
- Declaración de nacemento do animal debidamente cumprimentada, facendo constar que procede de transplante embrionario así como o C.I.B. da receptora.

Calificación

Dado que nestes momentos estamos en plena rolda de calificación, recordamos que:

- A calificación é obrigatoria para todos os exemplares incluídos nos Rexistros Auxiliares B e Rexistro Principal cando acaden a idade regulamentaria.
- Para que poida someterse a calificación unha femia será necesario que parira polo menos unha vez, e a categoría de "Excelente" só se lle poderá outorgar a partir do terceiro parto. Poderá ser unha vaca 2EX, 3EX, 4EX, etc., cando a partir da última vez que foi Excelente, parira tantas veces como expresa a cifra e en cada novo parto se calificara tamén Excelente, en período de lactación.
- Os machos calificaranse a partir dos catorce meses de idade, non podendo concederlles a categoría de "Excelente" antes de ter cumpridos os dous anos e medio de idade.
- A calificación morfolóxica dos animais realizarase mediante rondas oficiais e periódicas, establecidas previamente pola entidade recoñecida.
- As recalificacións a petición de parte, deberán ser atendidas dentro do prazo de dous meses, contados a partir da data de recepción da solicitude do gandeiro. Non poderán recalificarse reproductoras dentro do mesmo parto.
- Establécese como norma, calificar todas as reproductoras no primeiro parto. Se fora posible por causa de forza maior, realizarase no parto inmediatamente seguinte.

P.P.R.S.S.

O pasado mes de marzo, e a proposta de Africor-Lugo, a xunta de goberno desta federación acordou solicitar a Conafe autorización para que, aquelas ganderías que estean interesadas, poidan **rexistrar os seus animais sen a preceptiva silueta**.

Tras a correspondente autorización por parte de Conafe, informamos de que, **a partir do día 1 de xaneiro de 2010, toda gandería de Galicia que desexe rexistrar os seus animais sin a ata agora preceptiva silueta, poderán solicitar a súa incorporación ó PPRSS (Plan Piloto de Rexistro sen Silueta)**.

A adhesión implica:

- 1º A partir da data de admisión, **todos os animais** da explotación que se incorpore ó PPRSS, serán rexistrados sen silueta (programa de rexistro diferente).
- 2º **Cando se transfira** un animal dunha explotación adherida ao plan a outra gandería non adherida, sexa de Galicia ou doutra Comunidade Autónoma, **o gandeiro deberá cumprimentar a silueta no certificado de rexistro**, sobre a cal, a asociación/federación vendedora porá o seu selo (validación).
- 3º O mesmo proceso do punto 2º deberá seguirse cando un animal participe nun **concurso nacional, autonómico** ou calquera outro concurso no que se esixa silueta.
- 4º É tamén obrigatorio **remitir a Fefriga** o certificado cumprimentado coa silueta para calqueira animal do que se solicite a súa **carta xenealóxica** (exportación, etc,...).

Para a incorporación dunha explotación de Galicia ao PPRSS, o seu propietario ou representante deberá solicitalo por escrito a FEFRIGA, por medio do correspondente impreso de solicitude.



Domnino Garrote apostou sempre pola mellora da raza frisona e a profesionalización do sector. Foto: Frisona Española

Homenaxe a Domnino Garrote

Dentro dos actos celebrados durante o Concurso Nacional da Raza Frisona en Xixón, estivo a homenaxe que todos os alí presentes rendimos ao noso bo amigo, e sempre disposto colaborador, Domnino Garrote, con motivo da súa xubilación aos 65 anos, despois de máis de 30 anos ostentando a Secretaría Executiva de Anfe, primeiro, e despois o posto de director xerente de Conafe nos 19 anos de singladura da confederación.

Tamén desde Galicia, como gandeiros e como federación, queremos sumarnos a esta homenaxe, xa que foron moitas as ocasión e variados os motivos polos que Domnino estivo con nós ao longo destes 30 anos, traballando na mellora da raza frisona e na profesionalización do sector (escolas de uices, xornadas técnicas, concursos, etc,..).

Estimado Nino, desde esta revista e en nome de todos os gandeiros de Galicia, dámosche as grazas polo traballo realizado e desexamos que disfrutes con plenitude, e xunto á túa familia, esta nova etapa da túa vida.



Dª Sofía Alday de Cestafe ocupará o cargo de directora-xerente de Conafe.

Foto: Frisona Española

Dª. Sofía Alday de Cestafe, nova directora-xerente de Conafe

Tras a xubilación de Domnino Garrote e desde o pasado día 1 de setembro, Dª. Sofía Alday de Cestafe pasou a ser a nova directora-xerente de Conafe.

Esta alavesa de 41 anos de idade é enxeñeira superior agrícola e especialista en zootecnia. Ingresou en Conafe no 1997 onde ata a data actual, ocupaba o posto de coordinadora do control leiteiro e libro xenealóxico, polo tanto e boa coñecedora da casa, da súa organización, estrutura e servizos, e aínda que a situación do sector non é a mellor, e os retos de futuro son moi importantes (xenómica e todo o que dela se deriva para o mundo da selección) estamos convencidos que coa súa preparación, vontade, paciencia e capacidade de traballo, será capaz de afrontalos e superalos con éxito.

Desde estas páxinas e ao tempo que lle transmitimos a nosa noraboa e cordial benvinda, ofrecémoslle todo o noso apoio e colaboración na tarefa (complicada pero atractiva) que acaba de asumir.

Éxito das xornadas de veterinarios en Bos

O pasado 2 de decembro a Unidade de Transferencia Embrionaria (U.T.E.) de Bos acolleu unha xornada de actualización de coñecementos dirixida a veterinarios e organizada por laboratorios Pfizer. As charlas correron a cargo de Diego Martínez, veterinario de NUTER, quen expuxo a súa tese doutoral sobre nutrición e reprodución en vacún de leite. Pola súa banda Carlos Risco, *Full Professor* da Universidade de Florida (U.S.A.), fixo unha exposición de varios traballos realizados no último ano sobre sincronización de xovencas para inseminación a tempo fixo. Carlos Risco presentou tamén distintos estudos sobre as metrites en vacas de leite e a súa abordaxe terapéutica.

As xornadas completáronse cunhas sesións prácticas para as que se empregaron varias vacas de desvelle da propia U.T.E. de Bos. Estas primeiras xornadas de Pfizer contaron coa participación de 48 veterinarios das provincias de Coruña e Pontevedra, os cales tiveron oportunidade de coñecer as instalacións e actividades que se realizan na U.T.E. de Bos.



Estas primeiras xornadas contaron coa participación de 48 veterinarios

Visita da ADSG de Lousame

Tamén o pasado 19 de Novembro un grupo de gandeiros da Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) de Lousame (A Coruña) realizaron unha visita formativa á U.T.E. de Bos. Os gandeiros tiveron oportunidade de visitar as vacas e as xovencas doadoras de embrións, así como as instalacións do novo laboratorio. Durante a súa visita o persoal técnico de Bos explicoulles o funcionamento dos programas de transferencia embrionaria e mellora xenética que se levan a cabo nestas dependencias, así coma os fundamentos e as oportunidades que o uso das técnicas de transferencia embrionaria poden abrir nas ganderías.

axenda 2010

20 de febreiro	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (Lugo);
04-06 de marzo	XIX CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '10 XXX CONCURSO INTERNACIONAL DE FRISÓN '10 XXVI CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUIS LOUZAO" '10 III CONCURSO DE PELADO E PRESENTACIÓN '10;
25-28 de marzo	XII CONC. NACIONAL DE PRIMAVERA CONAFE '10 (Torrelavega-Cantabria)
10 de abril	XII POXA DE XOVENCAS DE SANTA COMBA '10 (A Coruña);
10-11 de abril	XIX CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '10 (Lugo);
01 de maio	XIV SUBHASTA TOP-BOS (Guísamo-A Coruña);
08-09 de maio	III CONCURSO DE CRIADORES SARRIA '10 (Lugo);
05 de xuño	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (Lugo)
23-25 de setembro	XXXI CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '10 (Gijón-Asturias);
16-17 de outubro	XIX CONCURSO-SUBHASTA DE GANDO FRISÓN CHANTADA '10 (Lugo);
06 de novembro	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (Lugo);
21 de novembro	IV POXA DE XOVENCAS DE MAZARICOS (A Coruña)

Vista aérea do parque natural

Parques naturais de Galicia:
Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Viván
Fragas do Eume
O Invernadeiro
Serra da Enciña da Lastra
Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas
Monte Aloia
Baixa Limia Serra do Xurés

Fotografía: Margem Ecográfica

Os espazos naturais de Galicia son o noso mellor activo. Un agasallo da natureza que xa forma parte da nosa historia, do noso patrimonio e da nosa identidade.

Espazos para medrar, para visitar, para descansar, para conservar, para camiñar, para pór en valor, para vivir...

Unha herdanza do noso pasado e un compromiso co noso futuro.

Espazos naturais, espazos de vida

(<http://medioruralxunta.es/espazosNaturais/espazos.jsp>)



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia

NUDESA

NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



Alimentando **BOS**

www.nudesa.com • Tel. 986 581 200